

*[Faint handwritten text, likely bleed-through from the reverse side of the page]*

“La verdad era que el archivo había producido en el alma de Julián la misma impresión que toda la casa: la de una ruina, ruina vasta y amenazadora, que representaba algo grande en lo pasado, pero en la actualidad se desmoronaba a toda prisa”.

Emilia Pardo Bazán. *Los pazos de Ulloa*, cap. 4.



Valga para el Reinado de Su Magestad la Señora Doña ISABEL II.

*So 53*

Dado a diez y siete de Noviembre

de mil ochocientos Treinta y cuatro = *[Faint handwritten text]*

## O FONDO DA FAMILIA BERMUDEZ DE CASTRO Y SUAREZ DE DEZA

*[Faint handwritten text, likely bleed-through from the reverse side]*

Documento do mes  
Novembro - Decembro  
2024

*[Handwritten signature: D. Mariano Villaseca]*



*[Faint handwritten text and a signature on the right side of the page]*

Entre os fondos privados do Arquivo da Deputación, destaca o da familia Bermúdez de Castro e Suárez de Deza. En 1933, o último señor do Pazo de Mariñán outorga testamento a favor da Casa de Expósitos da Deputación da Coruña. Trátase de Gerardo, o neto de José María Bermúdez de Castro e Carmen Mosquera e Ribera.

A documentación é principalmente patrimonial, abarca desde os anos 1565 ata o 1935. No apartado de títulos de propiedade, conta con testamentos, escrituras de partillas, de compravendas e redención de foros, naturalmente, xunto con preitos por posesións. Destaca un **libro de executorias** de 1834, na páxina 1053, finaliza con sentenza favorable, un longo litixio de José María ante a Real Audiencia de Valladolid, pola sucesión de varios morgados da marquesa de Zafra, en Segovia. Na sección de administración de bens, recolle expedientes de taxacións e preitos de administración, recibos, contas, relacións de bens ou inventarios, escrituras de arriendo, de poder e de foros.

Sobresaen os Libros rexistro de correspondencia coas mordomías (1833-1870), que se encargan de administrar as súas propiedades e rendas en Segovia, Fuentes de Nava, Losada, Bañeza, Rivadavia, Pontevedra, Santiago, San Pantaleón, Ferrol e Viveiro. Aínda que despunta por encima deles, o **Libro de conta e razón** de José María e Carmen, que inician coa súa voda, en 1817 e remata en 1877. A través das súas 297 follas, manuscritas en ambas as caras, coñecemos boa parte da vida privada da parella, os seus catro fillos e netos.

O Arquivo familiar remata cos documentos relacionados coa xurisdición señorial, no que resaltan unha carta título de xuíz outorgada por José Joaquín Suárez de Deza en 1797 e unha curiosa causa de violencia contra a muller, aberta na xurisdición de San Pedro de Láncara, contra un labrador, en 1798. Con todo, precisamente en tempos de José María promúlganse as leis que acaban co réxime señorial, así que el é o último posuidor dos señoríos xurisdicionais e morgados da súa familia.

A través dos libros de administración de bens, descubrimos ao político na súa faceta privada, meticuloso, responsable e emprendedor. En 1819, ao comezo da administración da súa enorme fortuna, o primeiro obxectivo é organizar o despacho e "arranxar o Arquivo con gratificación", para o que abona 6691 rs. Nace entón o seu primeiro fillo, Francisco de Paula Bermúdez de Castro e Mosquera, que será o pai de Gerardo, o noso benefactor. Os "gastos ocorridos no bautismo do neno maior" son 1164 rs. En 1821, nace José Gaspar, Amalia en 1823 e Enrique en 1825. A familia reside a maior parte do ano na Coruña, pero na primavera e verán trasládanse á aldea. Neses primeiros anos, as contas mostran como adquiren os avenos para acondicionar o fogar, na cidade ou na aldea. Trátase de elegantes **mobles de caoba**, desde os máis prácticos, como o berce, camas cameras ou cómodas e burós, aos refinados canapés para recibir, mesas e cadeiras, armarios de cedro, baños de hojalata, arañas de cristal, xogos de café de China, e mesmo un organillo e unha mesa de billar, para a aldea. En 1835 compran un pianoforte por 4500 rs. Rendán casa na rúa das Tabernas n.º 19, por 12 rs. diarios, en 1823. Trasládanse ao n.º 36 da rúa Real, por 6600 rs. ao ano, entre os anos 1829 e 1832. Pero sobe a 8760 rs., entre 1835 e 1840. O seu caseiro é o riquísimo deputado Bruno Herce. En 1843, "importou a composición da casa n.º 14 da rúa Tabernas ao entrar a vivir nela", 12 973 rs.

A época do avó de Gerardo Láncara, segundo Barreiro Fernández, xa lonxe do liberalismo alboral dos anos 1810 e do das barricadas dos anos 20, é a da segunda xeración liberal da Coruña, que constrúe un novo modelo de Estado desde os Concellos e Deputacións, e mesmo desde o Parlamento. E José María Bermúdez de Castro pasa por todos os cargos. Así, as contas sitúanos en Madrid no ano 1836, elixido **Deputado** a Cortes. En abril, apuntan por "a **galera** que nos conduciu a Madrid, 4000 e 560 rs. de propinas. Durante "42 días que se habitou na casa de hóspedes do n.º 14 da Carreira de San Jerónimo", pagan 3780 rs. En maio, adiantan 3750 rs., por 6 meses de alugueiro da casa da rúa Mercé n.º 9. Para convertela nun fogar, abonan a "Juan **Carrascosa** almacenista de mobles de Madrid, polo alugueiro de todo o magnífico mobiliario da casa, 2000 rs. mensuais". Frecuentan os selectos círculos aristocráticos da corte, a través dos seus curmáns, Joaquín e Pilar Gayoso de los Cobos e Bermúdez de Castro, ambos con grandeza de España. Clausurada a lexislatura en novembro de 1837, regresan definitivamente a Galicia. Nos anos 40, José María desaparece da vangarda política e dedícase á xestión e mellora do seu patrimonio. Só reaparece un par de anos, como alcalde, en 1856. Destaca no seu mandato a organización da visita da Familia Real, en 1858. No Libro de conta e razón, o 4 de agosto dese ano, reflicte un "anticipo feito a este **concello** da cota anual da contribución territorial para antender os gastos de recibimento de S.M." por importe de 670 rs.

As nosas contas mostran un tren de vida bastante acomodado aínda que non moi ostentoso. A familia posúe unha falúa e unha dorna, ademais dun coche de cabalos. Teñen por costume adquirir milleiros de puros **habanos**, para regalar obviamente. A partir de 1831, José María disimula o seu calvicie con casquetes e tamén con "**visoñé**", desde 1837. Con obxecto de cultivarse, custean profesores de piano ou francés e subscribense a unha gran cantidade de xornais e revistas, de todo tipo e orientación. Para relacionarse, abónanse a un palco do **Teatro**, ao Círculo de Recreación ou ao "Tertulia de La Confianza". A fin de cumprir coas súas obrigacións cívicas fan frecuentes donativos á beneficencia. Francisco de Paula e José Gaspar, entre oa anos 1835 e 1837, estudan no Colexio de Artillería de Alcalá de Henares, "o total de gastos ocasionados polos señoritos" ata ser promovidos a subtenentes, é 31 387 rs. En 1847, a **voda** de Francisco coa herdeira de Apolinar Suárez de Deza custa 24 000 rs., e desde entón, a súa **pensión de alimentos** é de 1000 rs. ao mes. En marzo do 1848 anotan 458 rs. como gastos do "**bautismo** do meu neto Gerardo". O día do Carmen de 1850, o "equipo e demais gastos do casamento da miña filla Amalia" co xeneral D. Mamerto Díaz, supoñen 14 286 rs. Son menores aínda os do casamento de Enrique coa súa prima Rita Pardo do Monte, moito despois, en 1864.

En apenas dez anos falecen a nai e dous fillos. O "**cabodeano** do señorito Don José", cúmprese o 13 de xuño de 1854. O 1 de xullo de 1863 falece Carmen Mosquera e encargan un cento de tarxetas de loito para visita, por 20 rs. Pouco despois, o 13 de abril de 1865, apuntan os gastos da enfermidade e funerais de Enrique, que ascenden a 7281 rs. Así pois, non estraña o gran número de médicos que lles pasan consulta, na Coruña, Betanzos e ata en Madrid. Despuntan, Alejandro Brandao, o avó de Alfonso Molina e Ramón Pérez Costales, quen "por 118 visitas" desde o ano 1871 ata o 77, cóbralles 1180 rs. Para as receitas acoden ao boticario Villar. Agora ben, se en necesario, tamén recorren ao "algebrista D. Silvestre Rodríguez, veciño de San Miguel de Peteira, inmediato ao Carballino, que veu compoñer a perna do señor", o 15 xuño de 1862, por 1000 rs.

O Pazo de Montecelo é o predilecto da familia. Residen no inverno na Coruña e as estancias na aldea poden alongarse desde xuño ou xullo ata outubro ou novembro, como se ve no Libro de conta e razón, por exemplo entre os anos 1848 e 1851. No inverno, mandan os produtos de San Pantaleón das Viñas a Coruña ou a Madrid. Nos libros de correspondencia cos mordomos, próbase un mantemento continuo. Para Ofelia Rey, non se trata só de vivendas de pracer para o verán e o outono, senón lugares para facer presentes e visibles ás familias naquelas zonas onde tiñan os seus intereses económicos, as súas terras, rendas e señoríos.


Por conseguinte, nos anos 50, no xardín hortícola típico pacego, gaña terreo o ornamento á conta do horto. En maio de 1850, adquiren “madeira para as glorietas” e columnas, en 1854. Entre os cenadores, deseñan paseos con arbustos en espaldera, compran “20 pés dereitos para o espaller” en xaneiro de 1862 e 100 columnas de castiñeiro, en 1863. Culmina nun **miradoiro** e en novembro de 1855, apuntan “200 rs. para os canteiros”, a conta dos 700 en que está axusta a obra. Jesús Ángel García sinala que, cando os Bermúdez de Castro señorean pazos en ambas as beiras da ría de Betanzos, a finais do s. XIX, o xardín de “parterre” de Montecelo inspírase no de Mariñán. Pero non por isto esquécense da horta, e introducen cultivos insólitos e novos fertilizantes. Por iso, “remiten 200 pés de espárragos”, en febreiro de 1869, en marzo “dous sacos co guano” ou ben “pebidas de melón e sandía de Valencia”, en maio de 1870. Tamén melloran o acceso e o peche da leira. En xullo de 1861 principiouse “o camiño con 20 homes” e en novembro de 1866, “concluíuse de facer o muro”. A continuación “os canteiros seguen coa porta e entrada da horta”. Precisamente, “para carrexar a pedra para a muralla, axústase por un carro andando todo o día 8 rs.”, en marzo de 1864. E, por suposto, manteñen arranxado o edificio, “concluindo os reparos da casa”, en maio de 1870.

Preto de alí, sitúanse os Muíños de Bermúdez. Urgorri Casado profunda nesta iniciativa emprendedora de José María. Polas contas sabemos dos seus investimentos en reparalos. En decembro de 1843, “importaron todos os xornais e materiais investidos en toda a **obra** que se fixo nos muíños”, 25 227 rs. e en 1844, 37 315 rs. As máximas moendas obtéñense entre os anos 1847 e 1856, converténdose nunha verdadeira fábrica de fariñas, que chega a ter 16 moas e moer 70 000 ferrados ao ano. Pero, cara a 1865 cesan, como apunta o Libro de conta e razón, pois “feita a conta dos **muíños** correspondente ao presente ano, resulta que faltan aínda para cubrir todos os gastos, 708 rs.”. En 1867, sobe ata 3120 rs. e así continúa, desde entón. Trátase dunha modesta iniciativa empresarial, con vontade de modernización, nun contexto de cambios da revolución industrial, arroiada pola evolución da tecnoloxía e unha variación rápida das condicións do mercado.

Chegados a este punto cabe facer unha recapitulación en canto a varios apartados de gastos do Libro de conta e razón da familia Bermúdez de Castro e Mosquera, entre 1817 e 1877. Invisten en médicos, cirurxiáns e boticas, un total de 70 988 rs. No xastre, 133 166 rs. e na modista, 221 606 rs. En xoias e pedrería, apenas 44 926 rs. e en mobles, un importe global de 186 041 rs. Mais cantidade de gasto concéntrase baixo o título de criados, 216 628 rs., ao ser un signo de distinción das elites fidalgas. E, por suposto, son maiores os “gastos que ocasionan os nenos desde que se poñen en carreira e asistencias, que se lles seguen dando”, 671 657 rs. Aínda que ningún deles pode alcanzar a dimensión da división destinada ao “gasto de despacho, arquivo e cousas xudiciais”, cun importe, no seu conxunto, de 706 072 rs.

Por tanto, é de supoñer que a administración dunha fortuna tan grande como dispersa esixe certa paixón litigante e unha dedicación formidable, por parte de José María Bermúdez de Castro. Os gastos en pregos de papel selado de ilustres, escribientes, avogados, escribanos e procuradores son unha sangría constante. Tamén necesita enviar homes de confianza, aquí ou alá, para arranxar mordomías ou aclarar rendas. En 1835 “importaron os **gastos** xudiciais ocasionados no preito e demanda a D. Felipe Peñalosa e ao vizconde de Palazuelos, por 6 morgados de D. Pedro de Mercado, na provincia de Segovia, os cales se declararon ao meu favor”, 18 733 rs. En 1840, os do “preito no xulgado de Olmedo e por apelación en Valladolid sobre o morgado fundado polo protonotario D. Diego Arias Davila”, 11034 rs. En 1842, os “xudicias ocasionados” nos preitos na provincia de Segovia”, desde o ano 1836 ata o 1842, ascenden a 68 019 rs. Porque, a pesar de gañar, debe seguir pleiteando reivindicando leiras, reclamando papeis e tamén contra os renteros. Desde os anos 50, o seu **axente** en Madrid é Pedro Pascual Rodríguez. Para atender diferentes encargos e preitos, entre os anos 1865 e 1868 envíalle nada menos que 100 000 rs.

En conclusión, é un pracer reorganizar os Fondos privados do Arquivo e poder engadir as nosas fontes documentais ás empregadas habitualmente no estudo do marco da vida cotiá da Galicia moderna e contemporánea na súa faceta máis humanizadora. Seguindo a pauta de Ofelia Rey Castelao, e debido a que a dimensión cotiá xa non é meramente complementaria, envorcámonos en dar cor e calor humano á historia do século XIX, destacando a importancia dos estudos sobre a familia no seu escenario vital. De modo que os medios materiais da existencia cotiá da fidalguía galega, os hábitos de vida da civilización dos pazos, e os indicadores culturais das elites, son capaces de transmitir un certo luxo. De acordo con Pejerto Saavedra, trátase dun espírito refinado, cultivado, urbano e á moda, afastado da tópicos literario do fidalgo embrutecido.



#### Bibliografía empregada

Textos e dirección de arte: Carmen Molina. Asistente de edición e maquetación: Yolanda Carro.  
Documentos: H-46, H-50, H-51.



Valga para el Reinado de Su Magestad la Señora Doña ISABEL II. Sob 3.

Dado a diez y siete de Noviembre

de mil ochocientos Treinta y cuatro = *[faded text]*

**EL FONDO DE LA FAMILIA  
BERMUDEZ DE CASTRO Y SUAREZ DE DEZA**

*[Faded handwritten text, likely a royal decree or administrative order]*

**Documento del mes  
Noviembre - Diciembre  
2024**

*[Handwritten signature]*  
D. Mariano Villaseca



*[Faded handwritten text]*

"La verdad era que el archivo había producido en el alma de Julián la misma impresión que toda la casa: la de una ruina, ruina vasta y amenazadora, que representaba algo grande en lo pasado, pero en la actualidad se desmoronaba a toda prisa".

Emilia Pardo Bazán. *Los pazos de Ulloa*, cap. 4.



Dado en Villa

Entre los fondos privados del Archivo de la Diputación, destaca el de la familia Bermúdez de Castro y Suárez de Deza. En 1933, el último señor del Pazo de Mariñán otorga testamento a favor de la Casa de Expósitos de la Diputación de A Coruña. Se trata de Gerardo, el nieto de José María Bermúdez de Castro y Carmen Mosquera y Ribera.

La documentación es principalmente patrimonial, abarca desde 1565 hasta 1935. En el apartado de títulos de propiedad, cuenta con testamentos, escrituras de partijas, de compraventas y redención de foros, naturalmente, junto con pleitos por posesiones. Destaca un **libro de ejecutorias** de 1834, en la página 1053, finaliza con sentencia favorable, un largo litigio de José María ante la Real Audiencia de Valladolid, por la sucesión de varios mayorazgos de la marquesa de Zafra, en Segovia. En la sección de administración de bienes, recoge expedientes de tasaciones y pleitos de administración, recibos, cuentas, relaciones de bienes o inventarios, escrituras de arriendo, de poder y de foros.

Sobresalen los Libros registro de correspondencia con las mayordomías (1833-1870), que se encargan de administrar sus propiedades y rentas en Segovia, Fuentes de Nava, Losada, Bañeza, Rivadavia, Pontevedra, Santiago, San Pantaleón, Ferrol y Vivero. Aunque despunta por encima de ellos, el **Libro de cuenta y razón** de José María y Carmen, que inician con su boda, en 1817 y remata en 1877. A través de sus 297 hojas, manuscritas en ambas caras, conocemos buena parte de la vida privada de la pareja, sus cuatro hijos y nietos.

El Archivo familiar termina con los documentos relacionados con la jurisdicción señorial, en el que resaltan una carta título de juez otorgada por José Joaquín Suárez de Deza en 1797 y una curiosa causa de violencia contra la mujer, abierta en la jurisdicción de San Pedro de Lánara, contra un labrador, en 1798. No obstante, precisamente en tiempos de José María se promulgan las leyes que acaban con el régimen señorial, así que él es el último poseedor de los señoríos jurisdiccionales y mayorazgos de su familia.

A través de los libros de administración de bienes, descubrimos al político en su faceta privada, meticoloso, responsable y emprendedor. En 1819, al inicio de la administración de su enorme fortuna, el primer objetivo es organizar el despacho y "arreglar el Archivo con gratificación", para lo que abona 6691 rs. Nace entonces su primer hijo, Francisco de Paula Bermúdez de Castro y Mosquera, que será el padre de Gerardo, nuestro benefactor. Los "gastos ocurridos en el bautismo del niño mayor" son 1164 rs. En 1821, nace José Gaspar, Amalia en 1823 y Enrique en 1825. La familia reside la mayor parte del año en A Coruña, pero en primavera y verano se trasladan a la aldea. En esos primeros años, las cuentas muestran como adquieren los enseres para acondicionar el hogar, en la ciudad o en la aldea. Se trata de elegantes **muebles** de caoba, desde los más prácticos, como la cuna, camas cameras o cómodas y burós, a los refinados canapés para recibir, mesas y sillas, armarios de cedro, baños de hojalata, arañas de cristal, juegos de café de China, e incluso un organillo y una mesa de billar, para la aldea. En 1835 compran un pianoforte por 4500 rs. Arriendan casa en la calle de las Tabernas nº 19, por 12 rs. diarios, en 1823. Se trasladan al n.º 36 de la calle Real, por 6600 rs. al año, entre 1829 y 1832. Pero sube a 8760 rs., entre 1835 y 1840. Su casero es el riquísimo diputado Bruno Herce. En 1843, "importó la composición de la casa nº 14 de la calle Tabernas al entrar a vivir en ella", 12 973 rs.

La época del abuelo de Gerardo Lánara, según Barreiro Fernández, ya lejos del liberalismo alboral de los años 1810 y del de las barricadas de los años 20, es la de la segunda generación liberal de A Coruña, que construye un nuevo modelo de Estado desde los Ayuntamientos y Diputaciones, e incluso desde el Parlamento. Y José María Bermúdez de Castro pasa por todos los cargos. Así, las cuentas los sitúan en Madrid en 1836, elegido **Diputado** a Cortes. En abril, apuntan por "la **galera** que nos condujo a Madrid, 4000 y 560 rs. de propinas. Durante "42 días que se habitó en la casa de huéspedes del nº 14 de la Carrera de San Jerónimo", pagan 3780 rs. En mayo, adelantan 3750 rs., por 6 meses de alquiler de la casa de la calle Merced nº 9. Para convertirla en un hogar, abonan a "**Juan Carrascosa** almacenista de muebles de Madrid, por el alquiler de todo el magnífico mueblaje de la casa, 2000 rs. mensuales". Frecuentan los selectos círculos aristocráticos de la corte, a través de sus primos, Joaquín y Pilar Gayoso de los Cobos y Bermúdez de Castro, ambos con grandeza de España. Clausurada la legislatura en noviembre de 1837, regresan definitivamente a Galicia. En los años 40, José María desaparece de la vanguardia política y se dedica a la gestión y mejora de su patrimonio. Solo reaparece un par de años, como alcalde, en 1856. Destaca en su mandato la organización de la visita de la Familia Real, en 1858. En el Libro de cuenta y razón, el 4 de agosto de ese año, refleja un "anticipo hecho a este **ayuntamiento** de la cuota anual de la contribución territorial para atender los gastos de recibimiento de S.M." por importe de 670 rs.

Nuestras cuentas muestran un tren de vida bastante acomodado aunque no muy ostentoso. La familia posee una falúa y una dorna, además de un coche de caballos. Tienen por costumbre adquirir millares de puros **habanos**, para regalar obviamente. A partir de 1831, José María disimula su calvicie con casquetes y también con "**visoñé**", desde 1837. Con objeto de cultivarse, costean profesores de piano o francés y se suscriben a una gran cantidad de periódicos y revistas, de todo tipo y orientación. Para relacionarse, se abonan a un palco del **Teatro**, al Círculo de Recreación o a la Tertulia de La Confianza. A fin de cumplir con sus obligaciones cívicas hacen frecuentes donativos a la beneficencia. Francisco de Paula y José Gaspar, entre 1835 y 1837, estudian en el Colegio de Artillería de Alcalá de Henares, "el total de gastos ocasionados por los señoritos" hasta ser promovidos a subtenientes, es 31 387 rs. En 1847, la **boda** de Francisco con la heredera de Apolinar Suárez de Deza cuesta 24 000 rs., y desde entonces, su **pensión de alimentos** es de 1000 rs. al mes. En marzo del 1848 anotan 458 rs. como gastos del "**bautismo** de mi nieto Gerardo". El día del Carmen de 1850, el "equipo y demás gastos del casamiento de mi hija Amalia" con el general D. Mamerto Díaz, suponen 14 286 rs. Son menores aún los del casamiento de Enrique con su prima Rita Pardo del Monte, mucho después, en 1864.

En apenas diez años fallecen la madre y dos hijos. El "**cabodeano** del señorito Don José", se cumple el 13 de junio de 1854. El 1 de julio de 1863 fallece Carmen Mosquera y encargan un ciento de tarjetas de luto para visita, por 20 rs. Poco después, el 13 de abril de 1865, apuntan los gastos de la enfermedad y funerales de Enrique, que ascienden a 7281 rs. Así pues, no extraña el gran número de médicos que les pasan consulta, en A Coruña, Betanzos y hasta en Madrid. Despuntan, Alejandro Brandao, el abuelo de Alfonso Molina y Ramón Pérez Costales, quien "por 118 visitas" desde 1871 hasta el 77, les cobra 1180 rs. Para las recetas acuden al boticario Villar. Ahora bien, si en necesario, también recurren al "algebrista D. Silvestre Rodríguez, vecino de San Miguel de Peteira, inmediato al Carballino, que vino a componer la pierna del señor", el 15 junio de 1862, por 1000 rs.

El Pazo de Montecelo es el predilecto de la familia. Residen en invierno en A Coruña y las estancias en la aldea pueden alargarse desde junio o julio hasta octubre o noviembre, como se ve en el Libro de cuenta y razón, por ejemplo entre 1848 y 1851. En invierno, mandan los productos de San Pantaleón das Viñas a Coruña o a Madrid. En los libros de correspondencia con los mayordomos, se prueba un mantenimiento continuo. Para Ofelia Rey, no se trata solo de viviendas de placer para el verano y el otoño, sino lugares para hacer presentes y visibles a las familias en aquellas zonas donde tenían sus intereses económicos, sus tierras, rentas y señoríos.


Por consiguiente, en los años 50, en el jardín hortícola típico pacego, gana terreno el ornamento a costa del huerto. En mayo de 1850, adquieren “madera para las glorietas” y columnas, en 1854. Entre los cenadores, diseñan paseos con arbustos en espaldera, compran “20 pies derechos para el espaller” en enero de 1862 y 100 columnas de castaño, en 1863. Culmina en un **mirador** y en noviembre de 1855, apuntan “200 rs. para los canteros”, a cuenta de los 700 en que está ajusta la obra. Jesús Ángel García señala que, cuando los Bermúdez de Castro señorean pazos en ambas orillas de la ría de Betanzos, a finales del s. XIX, el jardín de parterres de Montecelo se inspira en el de Mariñán. Pero no por esto se olvidan de la huerta, e introducen cultivos insólitos y novedosos fertilizantes. Por eso, “remiten 200 pies de espárragos”, en febrero de 1869, en marzo “dos sacos con el guano” o bien “pepitas de melón y sandía de Valencia”, en mayo de 1870. También mejoran el acceso y el cierre de la finca. En julio de 1861 se “principió el camino con 20 hombres” y en noviembre de 1866, “se concluyó de hacer el muro”. A continuación “los canteros siguen con la puerta y entrada de la huerta”. Precisamente, “para acarrear la piedra para la muralla, se ajusta por un carro andando todo el día 8 rs.”, en marzo de 1864. Y, por supuesto, mantienen arreglado el edificio, “concluyendo los reparos de la casa”, en mayo de 1870.

Cerca de allí, se sitúan los Molinos de Bermúdez. Urgorri Casado profundiza en esta iniciativa emprendedora de José María. Por las cuentas sabemos de sus inversiones en repararlos. En diciembre de 1843, “importaron todos los jornales y materiales invertidos en toda la **obra** que se hizo en los molinos”, 25 227 rs. y en 1844, 37 315 rs. Las máximas moliendas se obtienen entre 1847 y 1856, convirtiéndose en una verdadera fábrica de harinas, que llega a tener 16 muelas y moler 70 000 ferrados al año. Pero, hacia 1865 cesan, como apunta el Libro de cuenta y razón, pues “hecha la cuenta de los **molinos** correspondiente al presente año, resulta que faltan todavía para cubrir todos los gastos, 708 rs.”. En 1867, sube hasta 3120 rs. y así continúa, desde entonces. Se trata de una modesta iniciativa empresarial, con voluntad de modernización, en un contexto de cambios de la revolución industrial, arrollada por la evolución de la tecnología y una variación rápida de las condiciones del mercado.

Llegados a este punto cabe hacer una recapitulación en cuanto a varios apartados de gastos del Libro de cuenta y razón de la familia Bermúdez de Castro y Mosquera, entre 1817 y 1877. Invierten en médicos, cirujanos y boticas, un total de 70 988 rs. En el sastre, 133 166 rs. y en la modista, 221 606 rs. En joyas y pedrería, apenas 44 926 rs. y en muebles, un importe global de 186 041 rs. Mayor cantidad de gasto se concentra bajo el título de criados, 216 628 rs., al ser un signo de distinción de las élites hidalgas. Y, por supuesto, son mayores los “gastos que ocasionan los niños desde que se ponen en carrera y asistencias, que se les siguen dando”, 671 657 rs. Aunque ninguno de ellos puede alcanzar la dimensión de la división destinada al “gasto de despacho, archivo y cosas judiciales”, con un importe, en su conjunto, de 706 072 rs.

Por tanto, es de suponer que la administración de una fortuna tan grande como dispersa exige cierta pasión litigante y una dedicación formidable, por parte de José María Bermúdez de Castro. Los gastos en pliegos de papel sellado de ilustres, escribientes, abogados, escribanos y procuradores son una sangría constante. También necesita enviar hombres de confianza, aquí o allá, para arreglar mayordomías o aclarar rentas. En 1835 “importaron los **gastos judiciales** ocasionados en el pleito y demanda a D. Felipe Peñalosa y al vizconde de Palazuelos, por 6 mayorazgos de D. Pedro de Mercado, en la provincia de Segovia, los cuales se declararon a mi favor”, 18 733 rs. En 1840, los del “pleito en el juzgado de Olmedo y por apelación en Valladolid sobre el mayorazgo fundado por el protonotario D. Diego Arias Davila”, 11034 rs. En 1842, “los gastos judiciales” ocasionados en los pleitos en la provincia de Segovia”, desde 1836 hasta 1842, ascienden a 68 019 rs. Porque, a pesar de haber ganado, debe seguir pleiteando reivindicando fincas, reclamando papeles y también contra los renteros. Desde los años 50, su **agente** en Madrid es Pedro Pascual Rodríguez. Para atender diferentes encargos y pleitos, entre 1865 y 1868 le envía nada menos que 100 000 rs.

En conclusión, es un placer reorganizar los Fondos privados del Archivo y poder añadir nuestras fuentes documentales a las empleadas habitualmente en el estudio del marco de la vida cotidiana de la Galicia moderna y contemporánea en su faceta más humanizadora. Siguiendo la pauta de Ofelia Rey Castela, y puesto que la dimensión cotidiana ya no es meramente complementaria, nos volcamos en dar color y calor humano a la historia del siglo XIX, destacando la importancia de los estudios sobre la familia en su escenario vital. De modo que los medios materiales de la existencia cotidiana de la hidalguía gallega, los hábitos de vida de la civilización de los pazos, y los indicadores culturales de las élites, son capaces de transmitir un cierto lujo. De acuerdo con Pejerto Saavedra, se trata de un espíritu refinado, cultivado, urbano y a la moda, alejado del tópico literario del hidalgo embrutecido.



#### Bibliografía empleada

Textos y dirección de arte: Carmen Molina. Asistente de edición y maquetación: Yolanda Carro.  
Documentos: H-46, H-50, H-51.